

Suxestións para o uso da Maleta Banda deseñada

A presenza da Maleta de banda deseñada na biblioteca do centro pode servir para:

- Reforzar actividades sobre cómic ou banda deseñada, organizadas na biblioteca ou nalgunha das aulas.
- Estimular a lectura de cómics de calidade entre os membros da comunidade educativa.
- Dar pé a unha exposición de cómics e novelas gráficas, de distintos estilos.
- Xogos de identificación de ilustracións/autores
- Estimular actividades como encontros con autores, elaboración de banda deseñada, debates, clubs de lectura...
- Converter a banda deseñada nun xénero protagonista durante unha tempada.
- Apoiar a posta en marcha de obradoiros de cómic.
- Ambientar o encontro con reproducións da obra dun autor ou autora de banda deseñada, con exposicións como as que aparecen recollidas neste folleto...
- Apoiar a presenza de autores galegos de banda deseñada na biblioteca escolar e nas propostas de lectura.
- Traballar o cómic con aplicacións da rede.
- Procurar cómics que reproduzan clásicos literarios ou que tratan acontecementos históricos ou tratan doutras culturas.
- Mergullarse nunha obra determinada, seleccionada pola súa calidade, o tema que trata, o autor ou o espazo no que discorre a historia e tomalo como motivo para un proxecto de traballo de carácter interdisciplinar, con propostas de busca de documentación en soporte impreso ou electrónico.
- ...

Bibliotecas
escolares
de Galicia



LEER.ES



galicia

Maleta de Banda deseñada (Sec.)

**Selección de cómic e novela gráfica.
Centros de ensino secundario (ESO, BAC, FP) e outros.**



O certo é que nunca houbo unha produción tan rica e variada, nunca antes a historieta cubrira a totalidade das temáticas, dos xéneros, dos estilos gráficos. Creo, sinceramente, que estamos nunha auténtica Idade de Ouro.

Miguelanxo Prado

A banda deseñada

A banda deseñada, o último dos xéneros ou novena arte como é chamada en certos medios, ten unha historia moi curta pero rica, no noso país. Unha realidade que nacera da man de Raimundo Patiño e Xaquín Marín con aquelas *Dúas viaxes* pero que vai dando froitos de moito interese. A chegada de revistas como “Can sen dono”, “Barsowia”, “Frente Comixario”, “Elipse”, “Carne líquida”, “Chámalle X”, “Comikaze”, “Lixo”, ... de monográficos como *A banda dos 17* (Cadernos de A Nosa Terra), ou as apostas de determinadas editoriais como Toxosoutos coa serie *Os Barbanzóns*, as publicacións de Xerais mediante traducións ou co selo de Fran Jaraba, as traducións da editora Rinoceronte e as creacións de Demo editora ou a revista Galimatías son fitos a destacar na actualidade da banda deseñada galega. Factoría K de libros co selo BDBanda, o Certame de banda deseñada promovido pola Xunta e as Xornadas de Banda Deseñada de Ourense foron abrindo o horizonte. O papel dos creadores organizados arredor de colectivos, revistas, salóns, asociacións, xornadas ou blogues vai deixando a súa pegada e facendo visible internacionalmente a canteira de creadores/as e obras. No, 2013, o Premio Nacional concedido a Miguelanxo Prado por *Ardalén*, demostra o éxito acadado.



Na actualidade son as editoras centradas na edición de cómic como BD Banda, El Patito Editorial e Demo Editora así como as librarías especializadas, as que continúan a facelo visible, da mesma maneira que os Salóns como “Viñetas desde o Atlántico” ou o “Salón do cómic de Cangas” e as “Xornadas de Banda Deseñada de Ourense” ou os premios os que manteñen a súa presenza na realidade cultural.

Esta manifestación forma parte da cultura xuvenil por excelencia, aínda que experiencias como a da revista “Golfiño” de banda deseñada para nenos e nenas ou a revista “Oink”, así como a publicación da serie *Marcopola* é fundamental no achegamento a este lectorado máis novo.

Os galardóns acadados polos creadores galegos como Miguelanxo Prado ou Das Pastoras máis alá das nosas fronteiras, as publicacións internacionais nas que participan algúns deles como Fran Bueno, Carlos Portela, Emma Ríos ou Tirso Cons, as colaboracións periódicas en publicacións profesionais de Víctor Rivas, Santi Gutiérrez, Alberto Guitián e Kiko Dasilva en “Míster K” ou “El Jueves”, de Norberto Fernández en “Eros Cómic” ... fan que podamos falar do prestixio e a repercusión que o traballo destes autores está acadando e aos que están atentos os medios de difusión dedicados a este campo.

Outros recursos de Banda deseñada na rede

Banda deseñada. Consello da Cultura Galega.
www.culturagalega.org/bd/

Revista e editora de banda deseñada en galego
www.bdbanda.com/

Revista Galega de Banda Deseñada
<http://revistaoink.com/>

Escola de banda deseñada
<http://www.ogaraxehermetico.com/>

Editoras
<http://demoeditorial.blogspot.com/es/>

www.elpatitoeditorial.com/
www.kalandraka.com/es/factoria-k-de-libros/nombre-coleccion/ir/comic/ www.astiberri.com/

www.normaeditorial.com/blog/
www.tebeosfera.com/portada.php
www.editorialjuventud.es/18-tintin.html

www.barbara-fiore.com/
www.bangediciones.com/online/bang_ediciones/bang.html
www.xerais.es/

www.toxosoutos.com/index.php?&cok=sn&len=2

Exposición de banda deseñada galega

A banda avanza. Secretaría xeral de Cultura
As bases da banda.

http://www.bdbanda.com/arquivos/As_bases.pdf

As cantigas de Santa Maria . Arte BDieval
http://www.bdbanda.com/arquivos/As_cantigas.pdf

Páxina do colectivo de autores de cómic, ilustradores e deseñadores con base de operacións en Galicia:

www.polaqiaticomic.com/

Blogue dedicado ao cómic realizado Bibliotecas Municipais de A Coruña

<http://fancomicbiblios.wordpress.com/>

Debuxantes de cómic Asociación galega de Profesionais da Ilustración AGPI:

www.agpi.es/ilustradores.php?obras=8

Asociación de autores de cómic de España AACE

www.autoresdecomic.com/

Blogue sobre cómic mantido por varios editores, creadores e críticos de banda deseñada:

www.entrecomics.com/ <http://www.guiadelcomic.es/>

Unha folha de recursos sobre banda deseñada a través do programa de TVG Libro aberto

<http://naprocuradumhabandadesenhadamundial.blogspot.com/2009/01/libro-aberto-e-banda.html>

Páxinas de creadores:

<http://baobabestudio.blogspot.com/>

<http://albertoguitian.blogspot.com/es/>

<http://www.miguelporto.com/>

<http://alex-cal-oliveira.blogspot.com/es/>

<http://www.flickr.com/photos/victorrias>

<http://steinerfrommars.blogspot.com/es/>

<http://detripas.blogspot.com/es/>

<http://www.miguelanxoprado.com/index.php?s=19&cat=s>

Librerías especializadas ou comitecas e as súas páxinas.

<http://www.zonacomix.es/red-de-librerias/>

<http://komic.es/>

Diarios de lecturas de b.d.:

<http://jirotaniguchi.blogspot.com>

Webs dedicados ao comic, os seus autores e autoras, as súas confluencias con outras artes...:

<http://www.zonanegativa.com/> <http://www.actualidadcomic.com/>

Web do Salón do cómic de Barcelona:

<http://www.ficomic.com/>

Máis recursos

<http://historietastresespacios.blogspot.com/>

<http://yakatatresespacios.blogspot.com/>

<http://www.santygutierrez.com/comics>

<http://galegoaestacion.blogspot.com.es/p/vinetas.html/>

<http://seventeencomics.blogspot.com/>

<http://www.guiadelcomic.com/> *

<http://www.untebeoconotronombre.com/>

<http://coleccionistatebeos.blogspot.com/>

<http://ellectoimpaciente.blogspot.com/>

<http://yodigono.blogspot.com/>

<http://elnovenoarte.blogspot.com/>


<http://www.comixv2.blogspot.com/>

<http://jotacedt.blogspot.com/>

- Banda Deseñada, do Consello da Cultura Galega
- Revista Golfinho
- Catálogos
- Historieta galega (1973-2008)
- 10 anos de BD galega
- O cómic en Galicia
- Real Academia Galega
- Paco Pixiñas e a banda deseñada en Galicia.
- Fundación Benito Losada (Ourense)

O papel de internet ao permitir a lectura de avances das publicacións ou ao facilitar o comentario e intercambio de opinións entre os seguidores e creadores supón un pulo e un recurso a ter en conta para o fomento da lectura e o desenvolvemento do sentido crítico. Outros recursos son as galerías de autores ás que se pode acceder a través de diferentes páxinas aínda que o recurso fundamental a este nivel é o soportal **Banda Deseñada** integrado no portal de información culturagalega.org do Consello da Cultura Galega. Nel están recompiladas e incorporadas publicacións e mostras de autores, novas informativas e reportaxes, así como todo tipo de documentos dispoñibles para as descargas.

Unha maleta que viaxa

- Esta maleta é só un inicio...
- Proponse aos centros para que a utilicen á súa maneira, en función dos seus obxectivos e ofrécese como un proxecto colaborativo, que se irá enriquecendo coas achegas detodas e todos.
- A maleta terá a súa sede na Asesoría de bibliotecas escolares (ou, no seu caso, nun Centro de Formación do Profesorado).

A través da Asesoría de bibliotecas escolares se poderá localizar a maleta e organizar o percorrido da mesma, en función das solicitudes.
- O centro interesado realizará a súa solicitude na ferramenta <http://www.edu.xunta.es/biblioteca/maletas/> e deberá recoller e entregar a maleta, asumindo os custos se fose preciso.
- Antes de entregar a maleta, deberán revisar que están todos os materiais, así como o bo estado dos mesmos.
- No caderno da maleta poderán realizarse cantas suxestións se estimen oportunas (de contido, de funcionamento....)
- O tempo de uso da maleta non poderá superar un mes, e en calquera caso, acordarase cos responsables, en función tamén da demanda.